

# AS ESTATÍSTICAS DE SALARIOS. ESTUDIO ESPECIAL DA ENQUISA DE SALARIOS DA INDUSTRIA E OS SERVICIOS

JOSÉ MARÍA RIOBÓ ALMANZOR / MERCEDES TATO RODRÍGUEZ  
MARCOS RODRÍGUEZ REY

Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 6 novembro 1998

Aceptado: 14 decembro 1998

**Resumo:** As estatísticas de salarios son de máxima importancia para o coñecemento da situación e da evolución dunha economía. Non obstante, a dificultade dalgúns metodoloxías e incluso as incoherencias entre fontes distintas supuxo unha gran dificultade na súa utilización.

Neste traballo afóndase especialmente na "Encuesta de salarios de la industria y los servicios" (ESIS) do Instituto Nacional de Estadística, dedicando unha especial atención ó caso da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto en estatísticas dispoñibles como na evolución salarial derivada delas.

**Palabras clave:** Salarios / Xornadas laborais / Tipos de contratos / Categorías profesionais.

SALARY STATISTICS.

SPECIAL STUDY OF THE SALARY SURVEY OF INDUSTRY AND SERVICES

**Summary:** Salary statistics are of the most importance in order to know the situation and evolution of an economy. Nevertheless, the difficulty of some methodologies and even the incoherence among different sources has meant a great difficulty for their utilization.

This paper carries out an in-depth analysis of the Salary Survey of Industry and Services of the National Institute of Statistics, devoting special attention to the case of Galician Autonomous Region, both in statistics available and in salary evolution arisen from them.

**Keywords:** Salaries / Working days / Types of contracts / Professional categories.

## INTRODUCCIÓN

É xeralmente recoñecido o feito de que o coñecemento preciso da evolución das rendas salariais constitúe un elemento fundamental na análise económica conjuntural, así como no deseño de políticas económicas correctas.

As estatísticas existentes no noso país relativas a salarios poden ser agrupadas en tres grandes bloques:

- As que poderíamos agrupar baixo o epígrafe "Indicadores sectoriais", entre as que destacarían os *Salarios agrarios*, os *Índices de coste de mano de obra*, *Salarios de las Administraciones públicas*.

- As enquisas máis estruturais, como a de *Estructura y distribución de los salarios* e a *Encuesta sobre el tiempo de trabajo y distribución salarial*.
- As estatísticas conjunturais que quedan resumidas en dúas: a *Encuesta de salarios da industria y servicios* (ESIS) do INE, e os *Aumentos salariales pactados en la negociación colectiva* do Ministerio de Trabajo.

En este traballo fixámolo-a nosa atención na ESIS, considerada dende os seus inicios en 1963 como unha estatística de ganancias, tanto pola súa importancia como pola dificultade manifesta que existe para o usuario de interpretar correctamente os datos derivados dela, debido fundamentalmente á súa complexidade.

## DESCRICIÓN XERAL DA ENQUISA

A *Encuesta de salarios de la industria y los servicios* é unha operación estatística de carácter continuo e de periodicidade trimestral, elaborada polo Instituto Nacional de Estadística (INE), e o seu *obxectivo* global é o cálculo das ganancias salariais percibidas polos traballadores da industria, da construcción e dos servicios, proporcionándonos información de ámbito nacional e por comunidades autónomas dos niveis e da evolución de:

- Número medio de horas traballadas por traballador e mes.
- Ganancia media por hora.
- Ganancia media por traballador e mes.

Para a correcta interpretación das series asociadas a esta enquisa, debemos ter presentes as modificacións introducidas no primeiro trimestre de 1996:

- a) Adopción da clasificación nacional de actividades económicas (CNAE-93).
- b) Ampliación da cobertura da enquisa a 9800 centros de cotización cada trimestre. Este aumento afectou exclusivamente ó sector servicios, pasando a incluírse actividades como os servicios auxiliares financeiros, as actividades inmobiliarias, os servicios prestados ás empresas ou o alugueiro de bens móbiles e inmóbiles. En total pasaron a investigarse, como veremos máis adiante, 48 divisións da CNAE-93.
- c) Actualización do período base que pasou a ser 1995 para o cálculo de índices e taxas, de maneira que a ganancia media por traballador e mes en 1995 fíxose igual a 100.

O cambio de base fixo que durante 1996 os índices e taxas se calculasen respecto a datos de períodos anteriores, previamente enlazados, sen que teñamos

- noticias da publicación dos coeficientes de enlace necesarios para a correcta interpretación de determinados resultados.
- d) Publicación de novas táboas entre as que destacan as relativas a traballadores a tempo parcial.
- e) Maior desagregación nos resultados publicados para as comunidades autónomas.

O período de referencia da información que se solicita no cuestionario é o mes. Non obstante, a referencia dos resultados é o trimestre, repartíndose a mostra entre os meses, é dicir, dividíndoa entre submostras, unha para cada un dos tres meses que conformen o trimestre natural. As estimacións calcúlanse como media do trimestre respectivo.

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio nacional. Os resultados correspondentes a Ceuta e Melilla proporcionanse conxuntamente con Andalucía.

O ámbito poboacional comprende a tódolos traballadores por conta allea que prestan os seus servicios en centros de cotización con cinco ou máis traballadores.

A cobertura sectorial da enquisa esténdese a 48 divisións da CNAE-93, as correspondentes a tódalas actividades do C ó K, ámbalas dúas letras inclusive:

C: *Industrias extractivas*. Extracción de produtos enerxéticos e extracción doutraz minerais agás produtos enerxéticos.

D: *Industria manufactureira*. Industria de alimentación, bebidas e tabaco; industria téxtil e da confección; industria do coiro e do calzado; industria da madeira e da cortiza; industria do papel, edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados; refinado de petróleo e tratamiento de combustibles nucleares; industria química; industria da transformación do caucho e materiais plásticos; industrias doutros produtos minerais non-metálicos; metalurxia e fabricación de produtos metálicos; industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico; industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico; fabricación de material de transporte; industrias manufactureiras diversas.

E: *Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga*.

F: *Construcción*.

G: *Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico*.

H: *Hostelería*.

I: *Transporte, almacenamento e comunicacóns*.

J: *Intermediación financeira*.

K: *Actividades inmobiliarias e de alugueiro, servicios empresariais*.

Quedan excluídas a Administración pública, a defensa e a Seguridade Social, a educación, a sanidade, os servicios sociais prestados á comunidade, o servicio doméstico e os organismos extraterritoriais. Ademais das exclusións no plano teórico, na práctica tamén é usual observa-la exclusión de sectores concretos dentro das ramas incluídas.

## ANÁLISE DETALLADO DA INFORMACIÓN DA ENQUISA

Trimestralmente podemos dispoñer dos seguintes datos na publicación *Encuesta de salarios en la industria y los servicios*:

### 1.- Resultados nacionais:

- Número de horas por traballador e mes por tipo de xornada, categorías profesionais e divisións da CNAE-93.
- Número de horas por traballador e mes por tipo de xornada, categorías profesionais e seccións da CNAE-93\*.
- Número de horas por traballador e mes por tipo de xornada, categorías profesionais e sectores de actividade\*.
- Ganancia media por hora traballada. Pagamentos ordinarios en ámbalas dúas xornadas por categorías profesionais e divisións da CNAE-93.
- Ganancia media por hora extraordinaria por categorías profesionais e divisións da CNAE-93.
- Ganancia media por hora traballada. Pagamentos totais por categorías profesionais e divisións da CNAE-93.
- Ganancia media por hora traballada. Pagamentos ordinarios en ámbalas dúas xornadas por categorías profesionais e seccións da CNAE-93\*.
- Ganancia media por hora extraordinaria por categorías profesionais e seccións da CNAE-93\*.
- Ganancia media por hora traballada. Pagamentos totais por categorías profesionais e seccións da CNAE-93\*.
- Ganancia media por hora traballada. Pagamentos ordinarios en ámbalas dúas xornadas por categorías profesionais e sectores de actividade\*.
- Ganancia media por hora extraordinaria por categorías profesionais e sectores de actividade\*.
- Ganancia media por hora traballada. Pagamentos totais por categorías profesionais e sectores de actividade\*.
- Ganancia media por traballador e mes. Pagamentos ordinarios en ámbalas dúas xornadas por categorías profesionais e divisións da CNAE-93.

- Ganancia media por traballador e mes. Pagamentos totais por categorías profesionais e divisións da CNAE-93.
- Ganancia media por traballador e mes. Pagamentos ordinarios en ámbalas dúas xornadas por categorías profesionais e seccións da CNAE-93\*.
- Ganancia media por traballador e mes. Pagamentos totais por categorías profesionais e seccións da CNAE-93\*.
- Ganancia media por traballador e mes. Pagamentos ordinarios en ámbalas dúas xornadas por categorías profesionais e sectores de actividade\*.
- Ganancia media por traballador e mes. Pagamentos totais por categorías profesionais e sectores de actividade\*.
- Traballadores a tempo completo e a tempo parcial: total de horas por traballador e mes por categorías e sectores de actividade.
- Traballadores a tempo completo e a tempo parcial: ganancia media por hora traballada (pagamentos totais) por categorías e sectores de actividade.
- Traballadores a tempo completo e a tempo parcial: ganancia media por traballador e mes (pagamentos totais) por categorías e sectores de actividade.

Cómpre destacar que:

- 1) Estes datos aparecen recollidos con igual detalle en termos de *medias anuais*.
- 2) Os apartados marcados cun asterisco aparecen igualmente publicados por *tamaños* da unidade enquisada. Os establecementos de cada rama de actividade estratíficanse, para os efectos da enquisa, en seis estratos atendendo ó número de traballadores (sempre que estes sexan de 5 ou máis), aínda que na publicación só se recollen tres deles: unidades de 5 a 49 traballadores, unidades de 50 a 199 traballadores e unidades de máis de 200 traballadores.

## 2.- Resultados por comunidades autónomas:

A información feita pública pola enquisa límitase ós tres apartados seguintes:

- A) Número de horas por traballador e mes por tipo de xornada, categorías profesionais e sectores de actividade.
- B) Ganancia media por hora traballada por tipo de pagamentos, categorías profesionais e sectores de actividade.
- C) Ganancia media por traballador e mes por tipo de pagamentos, categorías profesionais e sectores de actividade.

Máis polo miúdo, as series disponíveis na base TEMPUS son as seguintes:

• Apartado A:

	Industria sen construcción	Total categorías. Empregados. Obreiros.
A.1.- Xornada normal	Construcción	Total categorías. Empregados. Obreiros.
	Servicios	Total categorías. Empregados. Obreiros.

A.2.- Xornada extraordinaria, desagregada igualmente que A.1. (9 series).

A.3.- Ámbalas dúas xornadas, desagregada igualmente que A.1. (9 series).

• Apartado B:

B.1.- Xornada normal pagamentos ordinarios, desagregada igualmente que A.1. (9 series).

B.2.- Xornada extraordinaria pagamentos ordinarios, desagregada igualmente que A.1. (9 series).

B.3.- Ámbalas dúas xornadas pagamentos ordinarios, desagregada igualmente que A.1. (9 series).

B.4.- Ámbalas dúas xornadas pagamentos totais, desagregada igualmente que A.1. (9 series).

• Apartado C:

C.1.- Xornada normal pagamentos ordinarios, desagregada igualmente que A.1. (9 series).

C.2.- Xornada extraordinaria pagamentos ordinarios, desagregada igualmente que A.1. (9 series).

C.3.- Ámbalas dúas xornadas pagamentos ordinarios, desagregada igualmente que A.1. (9 series).

C.4.- Ámbalas dúas xornadas pagamentos totais, desagregada igualmente que A.1. (9 series).

En tódolos casos está o contrato a tempo parcial e completo.

## DEFINICIONES

Para a mellor comprensión dos conceptos contidos na enquisa é conveniente telos definidos coa maior precisión posible. Destacámo-los seguintes:

1) *Traballador e xornada laboral.* A ESIS considera *traballador* a "toda persoa ligada a unha unidade productora mediante un contrato de traballo". Afecta a

tódalas modalidades de contrato. Non son investigados os presidentes e directores xerais; os que traballan a cambio de comisións; os que non se atoparan "presentes" durante o mes de referencia (baixas, vacacións, etc.); os novos incorporados ó traballo ese mes; os traballadores familiares. Entre os traballadores diferéncianse aqueles que realizan unha xornada normal e unha xornada extraordinaria. A *xornada normal* é considerada como o resultado de restarlle á xornada pactada as horas perdidas por baixa laboral, expediente de regulación de emprego ou conflicto laboral. Pola súa parte, considérase *xornada extraordinaria* as horas traballadas fóra da actividade normal da empresa e xeralmente pagadas a prezos más elevados. Dentro dos relativos a unha xornada normal distínguese os traballadores a tempo completo e os *traballadores a tempo parcial*. Estes últimos son considerados, para os efectos estatísticos, como aqueles cunha xornada de traballo inferior a 2/3 da xornada habitual do centro de traballo. A *xornada pactada* é o conxunto de horas contractualmente convenidas entre as partes. O dato de horas pactadas ó mes é a media mensual das horas anualmente convidadas.

O conxunto "xornada normal máis xornada extraordinaria" aproxímase moito ó concepto internacional de "horas efectivamente traballadas", aínda que esa aproximación nos levou en ocasións a graves diferencias co número de horas traballadas que se estiman pola *Encuesta de población activa*.

Agás indicación expresa nas táboas, na ganancia por hora tómase a xornada total, é dicir, a normal e as horas extraordinarias.

- 2) *Empregado e obreiro*. Enténdese por *empregado* todo traballador cun grupo de cotización á Seguridade Social comprendido entre os grupos 1 e 7, ámbolos dous inclusive, reservándose a denominación de *obreiro* para aquel traballador cun grupo de cotización comprendido entre o 8 e o 11, ámbolos dous inclusive.
- 3) *Ganancias salariais*. Considéranse como tales tódalas remuneracións, tanto en metálico como en especie, pagadas ós traballadores polo tempo de traballo realizado, xunto coa remuneración por períodos de tempo non traballado como vacacións ou días festivos. As ganancias inclúen o salario base, os complementos salariais (antigüidade, títulos, coñecementos especiais, pluses de perigosidade, etc.), os pagamentos por horas extraordinarias, os pagamentos extraordinarios e os pagamentos atrasados. Non se inclúen, polo tanto, os pagamentos que non forman parte do salario como, por exemplo, as indemnizacións e as axudas de custo.

Tódalas ganancias se recollen en termos brutos, é dicir, antes de practicar retencións ou pagamentos á Seguridade Social por conta do traballador.

Na enquisa distínguese dous tipos de pagamentos: a) os *pagamentos ordinarios*, que son os pagamentos de carácter mensual, incluídos os pagamentos extraordinarios se están rateados, e b) os *pagamentos totais*, que son os pagamentos ordinarios más os pagamentos extraordinarios e os pagamentos atrasados.

## ÍNDICES E TAXAS

Fai referencia a índices simples de variación da ganancia media. Para iso tómase como período base o ano 1995 ( $1995 = 100$ ). Un índice calquera calcúlase mediante a fórmula:

$$I_t = \frac{GM_t}{GM_0} \times 100$$

onde  $GM_0$  é a ganancia media no período base 1995 e  $GM_t$  é a ganancia media no trimestre "actual".

As taxas interanuais de variación da ganancia media calcúlanse a partir da expresión:

$$r_t = \frac{I_t - I_{t-4}}{I_{t-4}} \times 100$$

onde  $I_{t-4}$  é o valor do índice para o mesmo trimestre do ano anterior.

## DESEÑO DA MOSTRA

Os aspectos más destacables no deseño seguido para a enquisa que nos ocupan os seguintes:

- O marco para a selección da mostra é o *Directorio de cuentas de cotización a la Seguridad Social*, actualizado a novembro do ano anterior ó de referencia.
- O método de mostraxe utilizado é o estratificado con afixación óptima. Utilízanse tres variables de estratificación: a comunitade autónoma, a rama de actividade e o tamaño do centro. Dentro de cada estrato selecciónase mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio.
- A mostra componse de máis de 9800 unidades, que se reparten en tres submuestas ó longo do trimestre. Cada mes enquísase a unhas 3300 unidades.
- A mostra divídese en cinco grupos de *rotación*. Cada ano, no segundo trimestre, renóvase o grupo con maior antigüidade, é dicir, aproximadamente o 20% da mostra, con excepción feita das unidades de máis de 200 traballadores que son entrevistadas de forma exhaustiva e, polo tanto, non sometidas a rotación.

Cómpre destacar dous aspectos críticos: a) que no deseño mostral se está considerando de feito cada rama de actividade como poboación independente, e b) que a exclusión dos establecementos con menos de 5 traballadores supón implicitamente acepta-la hipótese da non-existencia de características diferenciais en canto a niveis retributivos e estructura de persoal nestes establecementos.

## ESTIMADORES E ESTIMACIÓN

A enquisa utiliza cocientes de estimadores de razón, tomando como variable auxiliar o número de traballadores no *Directorio de cuentas de cotización a la Seguridade Social*.

As estimacións van acompañadas dos correspondentes errores de mostra para cada rama no ámbito nacional e por comunidade autónoma no ámbito do sector de actividade, facendo públicos os correspondentes coeficientes de variación. Os tamaños mostrais determináñanse para obter uns coeficientes de variación máximos do 3% na división para os totais nacionais e un 10% no sector de actividade para as comunidades autónomas. Os tamaños mostrais así determinados son sometidos ás oportunas correccións para alcanza-los niveis de calidade desexados cando se producen desviacións.

## RECOLLIDA E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

Os cuestionarios son enviados por correo dende as delegacións provinciais do INE e recollidos nelas, onde se someten a unha primeira depuración. Posteriormente son enviados ós servicios centrais do INE para a súa gravación, depuración e obtención de resultados.

## PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

A información dispoñible pode obterse por diversos medios:

- 1) Folla informativa CIFRAS INE, que contén os principais resultados.
- 2) Publicación trimestral *Encuesta de salarios de la industria y los servicios*. Contén tódalas táboas e series. Publícase só en soporte magnético.
- 3) Volume anual *Encuesta de salarios en la industria y los servicios*.
- 4) Banco de datos do INE (Internet: <http://www.ine.es>). Base TEMPUS.

## ASPECTOS CRÍTICOS DA ENQUISA

- Dificultade de asimilar na súa resposta, por parte dalgúns empresas, as ganancias dos seus traballadores ás correspondentes bases de cotización á Seguridade Social, o que implica, na medida en que se produza, dous importantes nesgos: a) a subvaloración do valor absoluto das ganancias por hora e traballador; e b) a sobrevaloración dos incrementos salariais.
- A clasificación por categorías profesionais (grupos de cotización á Seguridade Social) facilita a cubrición do cuestionario pero dificultou historicamente a com-

paración coas categorías profesionais da EPA correspondentes á *Clasificación internacional de ocupaciones de las Naciones Unidas*.

- Discrepancias entre os coeficientes de ponderación sectoriais da EPA e da ESIS, dúas estatísticas do propio INE, que son dificilmente xustificables. Ó longo da historia da ESIS leváronse a cabo sucesivos esforzos para a súa aproximación.
- O Directorio (Registro General de la Seguridad Social) é de feito un listado de "unidades de cotización", que non coincide co concepto de "establecemento" que se pretende utilizar. Considerouse como alternativa utiliza-los directorios de establecementos industriais derivados do censo industrial.
- As cifras sobre horas traballadas ofreceron ás veces un grao inaceptable de incoherencia.
- Un tamaño real da mostra adecuado exige grandes esforzos para evita-la non-resposta que en ocasións puxo en perigo a validación da desagregación por ramas de actividade ó resultar insuficiente e errático ese tamaño real da mostra (porcentaxe de resposta sobre a mostra teórica).
- Publicación de resultados: as diferencias e, ás veces, insuficiencias de detalle nas diferentes publicacións de resultados da enquisa (anual, trimestral e mensual) supuxo unha gran dificultade histórica na análise do abano salarial.



## GANANCIAS TOTAIS EN GALICIA E ESPAÑA: UNHA PRIMEIRA COMPARACIÓN

Os datos e gráficas que presentamos a continuación reflicten de forma moi clara e simple a evolución dos salarios nos tres sectores considerados, permitindo unha primeira comparación entre eles.

**Táboa 1.-** Ganancia media por traballador e mes. Ámbalas dúas xornadas. Pagamentos totais. Total categorías. Galicia. (Incluídas as taxas de variación)

	Industria	Taxa var.	Construcción	Taxa var.	Servicios	Tasa Var.
1996 Trim I	172.651		140.760		164.174	
Trim II	175.198	0,0147523	150.599	0,06989912	162.244	-0,01175582
Trim III	212.699	0,21404925	147.684	-0,01935604	191.933	0,18298982
Trim IV	206.270	-0,03022581	166.325	0,1262222	197.035	0,02658219
1997 Trim I	184.410	-0,1059776	140.362	-0,156098	169.227	-0,14113229
Trim II	184.893	0,00261916	155.355	0,10681666	167.423	-0,01066024
Trim III	214.982	0,16273737	153.781	-0,01013163	200.032	0,19477013
Trim IV	205.294	-0,04506424	176.075	0,1449724	205.547	0,02757059
1998 Trim I	182.291	-0,11204906	151.314	-0,14062757	178.642	-0,13089464
Trim II	185.988	0,02028076	152.874	0,01030969	174.859	-0,02117643

FONTE: Base TEMPUS. INE e elaboración propia.

**Gráfica 1.- Galicia. Valores absolutos****Gráfica 2.- Galicia. Taxas de variación**




Na táboa 2 e nas súas correspondentes gráficas obsérvase un nivel inferior nos salarios de Galicia con respecto ós de España e unha tendencia crecente nas diferencias entre esos salarios; incluso naqueles períodos onde a diferencia é menor (estacionalidade no terceiro trimestre). Esta diferencia tende a incrementarse nos últimos anos, a partir de 1993 (gráfica 5).

**Táboa 2.-** Ganancia media por traballador e mes. Ámbalas dúas xornadas. Pagamentos totais. Total categorías. Galicia e España. (Incluídas as taxas de variación)

	<i>Galicia</i>	<i>Taxa var.</i>	<i>España</i>	<i>Taxa var.</i>	<i>Dif. Gal-Esp.</i>	<i>Taxa var.</i>
<i>1989</i>	105.105		125.292		20.187	
	111.023	0,0563056	128.337	0,02430323	17.314	-0,14231931
	128.739	0,15957054	138.965	0,08281322	10.226	-0,40937969
	133.162	0,03435633	152.389	0,09659986	19.227	0,88020731
<i>1990</i>	115.429	-0,13316862	137.101	-0,1003222	21.672	0,12716492
	118.976	0,03072885	139.848	0,02003632	20.872	-0,0361399
	140.899	0,18426405	150.518	0,07629712	9.619	-0,53914335
	142.808	0,01354871	164.080	0,09010218	21.272	1,21145649
<i>1991</i>	124.471	-0,12840317	146.232	-0,10877621	21.761	0,02298797
	127.649	0,02553205	151.057	0,03299551	23.408	0,07568586
	152.156	0,1919874	162.227	0,0739456	10.071	-0,56976247
	146.973	-0,03406372	176.755	0,08955353	29.782	1,95720385
<i>1992</i>	128.051	-0,12874474	157.279	-0,11018642	29.228	-0,01860184
	131.207	0,02464643	162.853	0,0354402	31.646	0,08272889
	166.094	0,26589283	174.257	0,07002634	8.163	-0,74205271
	159.811	-0,03782798	189.771	0,08902942	29.960	2,67021928
<i>1993</i>	138.299	-0,13460901	168.654	-0,11127622	30.355	0,01318425
	138.802	0,00363705	173.167	0,02675893	34.365	0,13210344
	168.185	0,21169003	185.121	0,06903163	16.936	-0,507173
	171.441	0,01935963	200.733	0,08433403	29.292	0,72957015
<i>1994</i>	145.264	-0,1526881	177.675	-0,11486901	32.411	0,10647958
	148.868	0,02481	181.514	0,02160687	32.646	0,00725062
	180.592	0,21310154	193.175	0,06424298	12.583	-0,61456227
	183.374	0,01540489	209.838	0,08625857	26.464	1,10315505
<i>1995</i>	157.196	-0,14275742	185.727	-0,11490293	28.531	0,07810611
	156.004	-0,00758289	189.975	0,02287228	33.971	0,1906698
	185.535	0,18929643	201.587	0,06112383	16.052	-0,52747932
	186.333	0,00430108	219.291	0,08782312	32.958	1,05320209
<i>1996</i>	163.599	-0,12200737	193.676	-0,11680826	30.077	-0,08741428
	165.656	0,01257343	198.648	0,02567174	32.992	0,09691791
	193.539	0,16831868	210.954	0,06194877	17.415	-0,47214476
	195.539	0,01033383	228.913	0,0851323	33.374	0,91639391
<i>1997</i>	170.816	-0,12643514	201.857	-0,11819337	31.041	-0,06990472
	172.103	0,00753442	205.945	0,02025196	33.842	0,09023549
	198.160	0,15140352	217.031	0,05382991	18.871	-0,44237929
	200.923	0,01394328	235.921	0,08703826	34.998	0,8545917
<i>1998</i>	175.450	-0,12677991	207.560	-0,12021397	32.110	-0,082519
	175.864	0,00235965	210.660	0,01493544	34.796	0,08364995

FONTE: Base TEMPUS. INE e elaboración propia.

A partir da comparación de dous simples axustes lineais (gráfica 3), observamos como no ámbito estatal en cada trimestre o salario medio sobe 2430,3 pesetas mentres que en Galicia este incremento só supoñería 2033 pesetas, é dicir, unha media de 397,3 pesetas menos cada trimestre.

**Gráfica 3.-** Ganancias totais**Gráfica 4.-** Galicia-España. Taxas de variación**Gráfica 5.-** Galicia-España. Diferencias

## BIBLIOGRAFÍA

- Salarios pactados en la negociación colectiva* (datos desde 1979). Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.
- "Salarios agrarios", *Anuario de Estadísticas Agrarias*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Secretaría General Técnica.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1964): *Salarios. 1963*.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1982): *Metodología de la encuesta de salarios*. (Monografía técnica). Madrid.

